

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 12/11/1954**

**Colección:**

**Data:** 12/11/1954

**De:**

Ramón Piñeiro;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*Lonxe; Vida gallega; Artes; Emigración; Literatura; Medios de comunicación; Migracións; Prensa escrita;*

**Mencionados:**

Arturo Cuadrado; Francisco Fernández del Riego; Ramón Otero Pedrayo; Lorenzo Varela;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 12/11/1954**

Compostela, 12-XI-54

Meu querido Seoane:

De mans de Paco, recibín o libro Lonxe. Como podes comprender, foi pra mín motivo de fonda e grande emoción. ¡Fermoso libro, tanto pol-o contido como pol-a presentación! Merecedes unánimes parabéns de cantos aman a cultura galega. Ofrézovos os meus de todo corazón. Prégoche que llo fagas presente a Varela e mais a Cuadrado, de quen non teño as señas. Con obras así, ben podemos acudir con orgulo a calisquera parte do mundo.

Quero tamén felicitarte moi de veras pol-o gran acerto de Galicia Emigrante, sin duda a millor revista galega dise tipo que nunca teña eixistido. Agora comenará a vos facer competencia unha nova revista galega que acaba de saír en Madrid e que se chama La ilustración gallega. Como dispón de grandes medios, pois trátase de unha publicación subvencionada por Prensa del movimiento, supoño que tratarán de facer dela unha publicación moi difundida. Tamén en Vigo os do Pueblo tratan de resucitar a vella Vida gallega.

O día 4 vivimos uns intres de viva e plena emoción escoitando o discurso de apertura de curso, que iste ano, como sabes, tocoulle lelo a D. Ramón. Adicouno á emigración galega, tema que por primeira vez e con toda dinidade chegou ó Paraninfo da Universidade compostelán. Falou de tí, de Varela e de moitos outros. A tí adicouche párrafos moi espresivos e moi merecidos. Ó cabo, por boca de D. Ramón, na Universidade de Compostela, onde tí fuches alumno, reconeceuse plenamente o grande mérito da tua labor cultural galega en terras lonxanas. Foi un aito de outa xusticia e tamén de gran valor moral por parte de D. Ramón. Ó remate démoslle a íl a forte aperta que boa gana vos houbéramos dado a todos vós. Mándoche copiado o que dixó de tí. Dentro de uns días recibirás o discurso impreso.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

R. Piñeiro.

O orixinal inclúe extracto do discurso de apertura do curso universitario 54/55 por Ramón Otero Pedrayo.

(DO DISCURSO DE APERTURA LIDO POR D. RAMÓN)

Profesores, ensayistas, poetas, mantienen muy altas llamas en América con alimento de sus vidas. Preferimos el silencio entre dos ondas de un verso, la hondura de un dibujo... Como artista dueño, en su severidad, en su diáfana expresión, de las claves salvadoras de la emigración pensemos en Luís Seoane. Luís Seoane acostumbra a poblar de símbolos sus paisajes apenas suscitados y fugitivos, en artista de un devenir grave, sin angustia. El hombre y la mujer, el niño y el marinero, con la flor y el fruto, el surco y la playa marchan desglosados de circunstancias en una magnífica soledad en que el hombre se reconoce peregrino. En Tapas decora los libros escritos y los no escritos aún, con el trazo seguro de un rayo de sol de San Juan suscitando la inocencia de una Galicia libertada de huellas de tiempo, leve, sorprendida. Seoane en lo íntimo de la tradición sentida con alma de niño suscita los mitos del mar, del poder de la alquimia, de la condena, en Las narraciones de un vagabundo, libro extraño y fuerte de la Colección Botella al mar, sostenida, como otras, en la Argentina, por escritores y artistas gallegos... Llevan el libro también, en la gran metrópoli de la polémica y contraste de las culturas, a una novedad y belleza

artística. Nunca el espíritu gallego se había vestido tipográficamente con semejante dignidad... Seoane trasfunde en lo actual las leyendas con una ingenuidad que supone una aproximación del sentido románico y del moderno, del modernísimo en el arte aún escándalo de los medios académicos. Y en el poeta de Torre de amor Lorenzo Varela la amargura se salva en leve sueño. El más fuerte

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.